



Guía Docente

| Datos Identificativos | | | | | 2024/25 |
|-----------------------|---|--------------------|---------------------------|----------|-----------|
| Asignatura (*) | Prevenção e Xestión de Riscos Laborais I | | | Código | 660G01023 |
| Titulación | | | | | |
| Descritores | | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos | |
| Grao | 1º cuadrimestre | Terceiro | Obrigatoria | 6 | |
| Idioma | CastelánGalegoInglés | | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | | |
| Prerrequisitos | | | | | |
| Departamento | | | | | |
| Coordinación | Villarroya López, Alberto | Correo electrónico | alberto.villarroya@udc.es | | |
| Profesorado | Villarroya López, Alberto | Correo electrónico | alberto.villarroya@udc.es | | |
| Web | www.erlac.es | | | | |
| Descrición xeral | Proporcionar unha visión completa e actualizada sobre as condicións de traballo e os aspectos técnicos e legais da prevención de riscos laborais na empresa e a súa influencia sobre o individuo. | | | | |

Competencias / Resultados do título

| Código | Competencias / Resultados do título |
|--------|-------------------------------------|
|--------|-------------------------------------|

Resultados da aprendizaxe

| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
|---|-------------------------------------|-----|----|
| A1 Marco normativo regulador das relacións laborais. | A1 | | |
| A2 Marco normativo regulador da Seguridade Social e da protección social complementaria. | A2 | | |
| A3 Saúde laboral e prevención de riscos laborais. | A3 | | |
| A5 Políticas sociolaborais. | A5 | | |
| A14 Seleccionar e xestionar información e documentación laboral. | A14 | | |
| A22 Planificación e deseño, asesoramento e xestión dos sistemas de prevención de riscos laborais. | A22 | | |
| A31 Aplicar os coñecementos á práctica | A31 | | |
| B1 Resolución de problemas. | | B1 | |
| B2 Capacidade de análise e síntese | | B2 | |
| B3 Capacidade de organización e planificación | | B3 | |
| B6 Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional | | B6 | |
| B9 Traballo en equipos. | | B9 | |
| B12 Motivación para a calidade. | | B12 | |
| C7 Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida. | | | C7 |

Contidos

| Temas | Subtemas |
|---|--|
| TEMA 1: Introducción e conceptos básicos. | Historia da prevención de riscos laborais. Condicións de traballo e saúde. Conceptos básicos. Ambiente de traballo. Factores de risco laboral. Patoloxía do traballo. Técnicas de prevención de riscos: prevención e protección. |
| TEMA 2: Fontes normativas sobre seguridade e saúde. | Marco normativo sobre seguridade e saúde laboral a nivel nacional, Unión Europea e Internacional. Marco competencial das administracións e organismos públicos. INSST e ISSGA. |
| TEMA 3: A Lei de Prevención de Riscos Laborais. | Obxectivo e análise. Dereitos e obrigacións. Responsabilidades e sancións. |
| TEMA 4: Real Decreto dos Servicios de Prevención. | Organización e xestión da prevención na Empresa. Plan de prevención. Avaliación de riscos e Planificación. Os servizos de prevención, implantación, requisitos e control. Auditorías. |



| | |
|--|--|
| TEMA 5: A Avaliación de Riscos Laborais. | Definición e Obxectivos. Fases da Avaliación. Tipos de Avaliación. Avaliación xeral dos riscos laborais en PYMES e autónomos. |
| TEMA 6: Accidente de traballo. | Accidente de traballo. Definición e clasificación. Causas dos accidentes. Seguridade no traballo e as súas técnicas. Introducción á estatística de accidentes: clasificación e índices estatísticos. |
| TEMA 7: Xestión de accidentes. | Notificación e rexistro de accidentes. Investigación de accidentes. |
| TEMA 8: Risco de incendio. | Risco de incendio. Conceptos xerais. Efecto sobre a saúde. Prevención do incendio. Detección e alarma. Equipos e medios de extinción. Normativa legal. |
| TEMA 9: Xestión das emerxencias | Plan de emerxencia e autoprotección. Características organizativas e funcionais. Documentación PRL. Normativa. |

| Planificación | | | | |
|------------------------|---------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Sesión maxistral | A1 A2 A3 A5 A22 B6 C7 | 21 | 35 | 56 |
| Estudo de casos | A14 A31 B1 B2 B9 B12 | 21 | 42 | 63 |
| Proba obxectiva | B3 B5 | 2 | 25 | 27 |
| Atención personalizada | | 4 | 0 | 4 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|------------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Sesión maxistral | Clases expositivas con apoio de medios audiovisuais e intervención directa do alumnado. Poderán complementarse con actividades semellantes como a asistencia a Congresos, conferencias do ISSGA, seminarios organizados polo centro ou outras actividades indicadas polo profesor. |
| Estudo de casos | Análise de casos (supostos prácticos) como complemento dos contidos teóricos expostos nas sesións maxistras, con inclusión de casuísticas actuais relacionadas cos riscos laborais. Os traballos se realizarán exclusivamente de xeito individual para proceder á súa avaliación. |
| Proba obxectiva | Exame final onde o alumno reflicte os coñecementos adquiridos na materia. |

| Atención personalizada | |
|-------------------------------------|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Sesión maxistral Estudo de casos | <p>Nas sesións maxistras expóranse situacións concretas sobre a prevención dos riscos laborais, incitando ao debate activo e dinámico das distintas propostas que os alumnos vaian expoñendo, co obxectivo de alcanzar conclusións sobre as cuestións expostas. A exposición dos contidos realizarase coa aplicación de medios audiovisuais.</p> <p>Durante as clases analizaranse aspectos normativos sobre a lexislación laboral en materia de prevención de riscos para conseguir que o alumno estableza os seus propios criterios de valoración e interpretación da normativa. Como reforzo das sesións maxistras, celebraranse asemade tutorías personalizadas para aqueles alumnos que o requiran.</p> <p>No estudo de casos prácticos analizaranse supostos prácticos como complemento dos contidos teóricos expostos nas sesións maxistras. Durante as prácticas o profesor atenderá persoalmente as dúbidas dos alumnos.</p> |

| Avaliación |
|------------|
|------------|



| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|-----------------|---------------------------|--|---------------|
| Estudo de casos | A14 A31 B1 B2 B9 B12 | Valoración das achegas individuais dos estudantes tras a realización dos casos prácticos propostos. | 40 |
| Proba obxectiva | B3 B5 | Proba escrita individual sobre o coñecemento adquirido polo alumno dos contidos da materia, tanto na modalidade tipo test como nas preguntas a desenrolar. | 60 |

Observacións avaliación

A parte práctica da asignatura ("Estudo de casos") supón o 40% da nota final, mentres que a parte teórica ("Proba obxectiva") supón o 60% da nota final (Preguntas de Desenrolo 40%, Preguntas tipo Test 20%). Para que se sumen as diferentes metodoloxías, de cara a obter unha nota media final, será imprescindible obter o 50% da cualificación correspondente a cada un dos apartados a avaliar ("Estudo de casos" e as preguntas de desenrolo da "Proba obxectiva").

Para poder ter acceso á Avaliación Continua é requisito indispensable a asistencia ás clases da materia, actuando como interruptor para a avaliación a ausencia a máis de 3 clases sen xustificación. Para o control de asistencia utilizaranse os medios ao dispor do profesorado e do alumnado e, especialmente, o sistema establecido no Moodle.

Respecto á parte práctica da asignatura ("Estudo de casos"), compre indicar que os alumnos que acaden o 50% da cualificación correspondente quedarán exentos de examinarse de dita parte na proba obxectiva correspondente á convocatoria ordinaria ou, no seu caso, na oportunidade de Xullo.

De non conseguir o mínimo esixido nalgunha das metodoloxías ao término da convocatoria ordinaria, o alumno non superará a materia. Neste caso, a avaliación constará suspensa, podendo volver a examinarse na oportunidade de Xullo, onde a metodoloxía de avaliación consistirá nunha única proba obxectiva (dividida en dúas partes, "Proba obxectiva" e "Estudo de casos") cun valor total do 100 % da cualificación final.

Aqueles alumnos que non poida facer un normal seguimento da asignatura, por ter recoñecida a Dispensa de Docencia, poderán optar por examinarse do 100% da súa cualificación por medio dunha proba obxectiva final durante os períodos de avaliación oficialmente establecidos. De non conseguir o 50% do total da nota nesa proba, a avaliación constará suspensa na convocatoria ordinaria e poderá volver examinarse na oportunidade de Xullo, onde a metodoloxía de avaliación será unha única proba obxectiva (dividida en dúas partes, "Proba obxectiva" e "Estudo de casos") por valor do 100% da cualificación.

Se solicitan dispensa, todos os alumnos farán constar ao profesor mediante email ou de forma visible na súa ficha de alumno e se ésta se lles concedeu, debendo consignar nese caso se optan por AVALIACIÓN CONTINUA ou PROBA OBXECTIVA FINAL. O alumnado non poderá ser avaliado simultaneamente por avaliación continua e por proba obxectiva final. De non constar expresamente, ou non entregar a ficha nos quince días posteriores ao comezo do curso académico, entenderase que optan pola PROBA OBXECTIVA FINAL. A elección é definitiva e irreversible para a convocatoria en curso.

As adaptacións curriculares para estudantes con discapacidade ou con necesidades educativas específicas serán pautadas pola Comisión de docencia do centro, previo informe do servizo de orientación e prácticas.

Fontes de información

| | |
|----------------------------|---|
| Bibliografía básica | <ul style="list-style-type: none">- Juan LÓPEZ GANDÍA, José Francisco BLASCO LAHOZ (2015). Curso de prevención de riesgos laborales. Tirant lo Blanch- Cayetano NÚÑEZ GONZÁLEZ, Federico ESTARDID COLOM (2015). Marco normativo y gestión de la prevención de riesgos laborales. Tirant lo Blanch- José Luis LLORCA RUBIO, Yolanda LOZANO CÁDIZ, Antonio MORENO MARTÍNEZ, M^a Carmen SALCEDO BELTRÁN (2012). Prevención de riesgos laborales: Instrumentos de aplicación.. Tirant lo Blanch- Isabel M^a MARTÍNEZ MARTÍNEZ, Antonio CARDONA LLORENS, Raúl CHILET PÉREZ, Guillermo GARCÍA GONZÁLEZ (2013). Casos prácticos de prevención de riesgos laborales. Tirant lo Blanch <p>A bibliografía anterior se atopa dispoñible na BIBLIOTECA VIRTUAL DO CENTRO, á que podes acceder coas túas claves no seguinte enlace: http://www.erlac.es/es/estudiantes-acceso/</p> |
|----------------------------|---|



| | |
|------------------------------------|---|
| Bibliografía complementaria | Cortés Díaz, José María. 2007. Técnicas de prevención de riesgos laborales. Ed. Tebar. Libro. Espeso Santiago, José Avelino. 2009. Manual para la formación de técnicos en prevención de riesgos laborales. Ed. Lex Nova. Libro. González Biedma, Eduardo. 2009. Legislación sobre seguridad y salud en el trabajo. Ed. Tecnos. Libro. Webgrafía Instituto Nacional de Seguridad, Salud y Bienestar en el Trabajo. www.insst.es Web. Ministerio de Trabajo e Inmigración. www.mtin.es . Web. Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral. www.issga.es . Web. Agencia Europea de Seguridad y Salud en el Trabajo. www.osha.europa.eu . Web. Comisión Europea. www.ec.europa.eu . Web. Organización Internacional del Trabajo. www.ilo.org Web. Organización Mundial de la Salud. www.who.int . Web. |
|------------------------------------|---|

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Dereito do Traballo I/660G01011

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Dereito da Seguridade Social I/660G01021

Materias que continúan o temario

Dereito do Traballo II/660G01012

Dereito da Seguridade Social II/660G01022

Prevención e Xestión de Riscos Laborais II/660G01024

Observacións

A lexislación en materia de prevención de riscos laborais soe ser cambiante, polo que a avaliación da asignatura farase dacordo coa normativa legal vixente en cada momento.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías